

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros.

Vimos de publicar un novo modelo de exame da materia “Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II”. Neste novo modelo, non hai ningún cambio na puntuación das preguntas nin sobre a estrutura e puntuacións das preguntas do exame:

"O exame consta de 4 preguntas de resposta obrigatoria, puntuadas cada unha con 2,5 puntos: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre apartados."

Non habería ningún cambio nas tres primeiras preguntas do exame, pero na pregunta 4, en lugar de:

PREGUNTA 4. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados: 4.1. ou 4.2.

Cambiaríase polo seguinte:

***Pregunta 4. TRES BLOQUES DA MATERIA. (2,5 puntos)***

***Responda un dos seguintes apartados: 4.1, 4.2 ou calquera dos apartados non escollidos das preguntas 2 e 3 (2.1, 2.2, 3.1 ou 3.2).***

Deste xeito, nesta pregunta 4, o/a alumno/a podería elixir (ademais dalgunha das preguntas dos apartados 4.1 ou 4.2 do bloque de Estatística e Probabilidade), os apartados do bloque de Álgebra ou de Análise que non escollesen nas preguntas 2 e 3.

Aproveitamos esta circular para agradecer os comentarios que temos recibido sobre o documento con problemas de carácter “máis competencial” do bloque de Estatística e Probabilidade. Insistimos en que non son problemas de exame pero consideramos que poden ser útiles para preparar a materia.

De novo, reitero a nosa dispoñibilidade ante calquera dúbida ou suxestión. Podedes dirixir as vosas consultas tanto a min coma ao resto de persoas que conforman os grupos de traballo.

Recibide un saúdo moi cordial.

Lugo, decembro de 2024